

# Non hai represión que pare a loita obreira

**H** Al sete anos o 4 de outubro de 2012 tiña lugar unha protesta diante do Hotel Almirante en Ferrol. Alí o partido popular celebraba o primeiro acto de campaña nas eleccións ao parlamento de Galiza. Diferentes colectivos e sindicatos manifestábamnos o noso desacordo coa situación da comarca, das súas empresas e dos traballadores e traballadoras. Especial destaque dos de Navantía e Poligal, cuxos comités de empresa apoiaban a convocatoria. Ao final do acto prodúcense varias cargas policiais que resultaron na detención do compañeiro Pintos, daquela cosecretario da CIG en Ferrol. Trasladado á comisaría alí é obxecto de agresións reiteradas, sendo espancado violentamente e insultado na súa condición de persoa, de sindicalista e no seu pensamento político nacionalista e de clase.

Os vindeiros días 12, 13 e 14 de novembro o compañeiro Pintos vai ser xulgado. A fiscalía solicita para el a pena de dous anos de prisión e a acusación particular do policía, protagonista das agresións, tres anos. A fiscalía non ten en conta a denuncia por torturas ao considerar que só é a palabra do compañeiro, toda vez que os outros axentes que contemplaron os feitos nin os impediron nin os denunciaron.

Hoxe o compañeiro está retirado laboralmente despois dunha longa traxectoria como traballador do mar e como sindicalista. Unha traxectoria chea de servizos e sacrificios ao ben colectivo. Unha traxectoria limpa e honesta sempre ao servizo da clase traballadora galega e das causas progresistas

do mundo. Que lonxe das prebendas e corruptelas de tantos líderes políticos e lamentablemente tamén algún sindical! Precisamente este compromiso é utilizado para o prexudicar. Unha condena anterior de nove meses, nun conflito do mar defendendo as mariscadoras de Mugarodos, sitúa un antecedente que, de ser condenado, significaría o seu ingreso na prisión.

É deber de todos e todas exercer a solidariedade con esta causa, que se suma a moitas outras que tanto na comarca, como no País, no Estado e no mundo se están a producir. Fora das nosas lexítimas e tantas veces enriquecedoras diferenzas, a unidade contra a represión debe ser total e sen fisuras.

Desde a CIG facemos un apelo ás demais centrais sindicais e de clase, aos comités de empresa, ao conxunto da clase obreira e á cidadanía en xeral a apoiar, participar e arroupar os diferentes actos e iniciativas que van ter lugar.

Non podemos rematar sen solicitar unha vez mais a derogación da chamada lei mordaza, da reforma laboral e de todas as leis que constitúen unha lousa contra a clase traballadora. Os obxectivos dos inimigos nacionais e de clase seguen a ser os mesmos de sempre, continuar con os seu enriquecemento exponencial, afondar na explotación e facer pagar a crise pasada e as vindeiras á clase traballadora e ás camadas máis humildes e indefensas da sociedade.

## Xustiza para Pintos!!!

# Contra da represión!